

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (ausente por asistencia a outra reunión)

Emilio Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos

José M. Fernández Viña, Xefe Servizo de PAS

Margarita González Hernández, Xefa Sección Emprego e Programas, secretaria.

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luís Pérez Gómez, Presidente (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CC.OO.)

Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO

José Santiago Santos García (UXT)

Xoan Cebro Rodríguez, (CIG)

María Fariza Novoa (CC.OO.)

Acta da reunión celebrada ás 13.30 horas do 19 de outubro de 2011, na sala de xuntas nº 2 da Xerencia, coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta do 20.05.11
2. Proposta de convocatoria de ampliación de lista de agarda nas categorías de Técnico Superior da Oficina de Relacións Internacionais, Técnico Superior de Microscopía Electrónica e Técnico Especialista de Microscopía Electrónica.
3. Propostas de aclaración dos criterios de xestión das listas de agarda.
4. Rogos e preguntas.

1. APROBACIÓN DA ACTA DO 20 DE MAIO DE 2011

Apróbase a acta por unanimidade coas modificacións seguintes:

Marcos Estévez solicita que no punto 2º se inclúa a súa intervención na que manifestou: “os representantes do Comité de Pontevedra non van a participar nin na convocatoria nin nos tribunais destas prazas”.

Luis Pérez solicita que:

- o final do parágrafo 2º do punto 3 quede redactado: “...ofrecéndollo aos candidatos da lista de agarda que presentaran un certificado de empadramento”.
- no parágrafo 5º do punto 3 se engada: “e que haxa coherencia na información facilitada polos integrantes do servizo”.
- no último parágrafo do punto 5 non se acadou acordo, polo que este tema habería que tratalo na reunión de hoxe.

O Vicexerente de Recursos Humanos maniféstase de acordo co proceder do Servizo de PAS de non ofertar traslados ou cambios de quenda na categoría definitiva,

namentres o traballador permaneza en funcións de categoría superior, xa que o estar en esa situación é unha decisión do propio traballador.

Luis Pérez considera que se debe reflexionar sobre este asunto e adoptar un acordo.

María Fariza está de acordo en que este tema se trate na vindeira reunión.

2. PROPOSTA DE CONVOCATORIA DE AMPLIACIÓN DE LISTA DE AGARDA NAS CATEGORÍAS DE TÉCNICO SUPERIOR DA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS, TÉCNICO SUPERIOR DE MICROSCOPIA ELECTRÓNICA E TÉCNICO ESPECIALISTA DE MICROSCOPIA ELECTRÓNICA

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que intentou manter o acordado así como as suxestións feitas pola Dirección de Igualdade, pero por omisión nos temarios de Técnico Superior de Microscopía Electrónica non se incluíu o tema de igualdade. Ademais solicita aos representantes dos Comités de Empresa de Ourense e Pontevedra o nomeamento de dous vogais nestas prazas.

Marcos Estévez pregunta por qué a proba da convocatoria de Técnico Superior de Microscopía Electrónica consiste en 40 preguntas e a de Técnico Superior de Oficina de Relacións Internacionais en 30.

O Vicexerente de Recursos Humanos sinala que se debe basicamente ao contido, ao feito de versar sobre idiomas, que son a ferramenta fundamental de traballo na ORI.

Luis Pérez expón que para o persoal laboral debería existir unha convocatoria marco, por exemplo que na valoración da antigüidade se aplique sempre o mesmo criterio, que na valoración da formación a redacción do convenio colectivo é máis ampla que a do acordo, polo que debería aplicarse o convenio, que o número de preguntas de referencia sexa sempre o mesmo para cada grupo, por exemplo para un grupo I que oscilen entre 40 a 50 preguntas. Considera que a redacción do convenio non é só para as convocatorias de persoal fixo, senón tamén para as contratacións temporais.

O Vicexerente de Recursos Humanos considera que unha convocatoria marco facilita o traballo, e que estas convocatorias van na liña das anteriormente realizadas.

Ángel Torreiro pregunta como se respectará o prazo de reclamacións contra a segunda proba de TS da ORI, xa que consiste en tres exercicios eliminatorios e consecutivos que se realizarían nun mesmo acto.

O Xefe do Servizo de PAS indica que se solventaría mediante a publicación das cualificacións obtidas por todos os aspirantes en cada un dos exercicios, os superen ou non. Desta forma terían un prazo común para formular reclamacións contra eles.

O Vicexerente de Recursos Humanos comprométese a indicarlle esta previsión á Comisión de Valoración.

Ángel Torreiro indica que no temario de TS da ORI debería quitarse do programa o tema de ERASMUS-Mundus, xa que xa se realizou unha convocatoria específica para contratar temporalmente un Técnico Medio. Tamén sinala que no temario de TS de Microscopía Electrónica habería que suprimir os temas de Varrido e equipos de Feixe de Ións, porque xa hai persoas contratadas nesas categorías.

3. PROPOSTAS DE ACLARACIÓN DOS CRITERIOS DE XESTIÓN DAS LISTAS DE AGARDA.

José Fernández Viña explica que o obxectivo pretendido é clarificar o Acordo e mellorar a xestión que corresponde ao Servizo de PAS. O documento presentado divídese en tres apartados, no primeiro téntase clarificar o apartado 2.b) do artigo sexto para os efectos de determinar se por “antigüidade na localidade” debe considerarse a localidade de orixe ou a do destino definitivo obtido, indicando que a proposta da Xerencia e que se teña en conta a antigüidade na localidade do destino definitivo.

Despois de diversas intervencións, especialmente dos representantes dos Comités de Empresa estímase oportuno pospoñer os dous primeiros apartados para unha reunión posterior.

Con respecto ao apartado terceiro que trata da elaboración das listas de agarda, Luis Pérez manifesta que non hai nada que discutir xa que o acordo é claro no artigo 5 que expresa “*en primeiro lugar chamarase o persoal que figure nas listas de acceso interno, e esgotadas estas o persoal que figure nas de libre*”, e isto é o se veu aplicando nas convocatorias de persoal laboral.

Marcos Estévez amosa o seu acordo co expresado por Luis Pérez e recalca que xa se levan dous anos aplicando esta norma, polo que agora non se pode modificar.

María Fariza expresa que a Xunta de Persoal defende que nas listas non pode figurar antes unha persoa que só aprobou un exame fronte á que aprobou todos os exames só polo feito de ter concorrido pola quenda de promoción interna.

Luis Pérez reitera que isto é o que regula o Acordo, que está publicado dende o ano 2009 e que non ten sentido que se traia agora esta cuestión, cando nas convocatorias de PAS laboral se veu aplicando consonte o Convenio e o Acordo.

José Fernández Viña sinala que o Convenio colectivo non regula cómo se deben elaborar as listas de agarda, se ben nas convocatorias de persoal laboral temporal a preferencia dos candidatos por promoción interna vén establecida nas propias bases das convocatorias. Pero esta é a primeira vez que xurde esta cuestión na lista de agarda de Axudantes de Arquivos, Bibliotecas e Museos (AABM), porque figuran candidatos por acceso libre con máis exames obrigatorios superados cos de promoción interna.

Xan Cebro e Santiago Santos se manifestan contrarios a que se dea preferencia na confección das listas de agarda aos candidatos por promoción interna, defendendo que os

criterios do Acordo son moi claros, e as listas se deben elaborar de acordo co establecido na base cuarta.

Xan Cebro lamenta que por riba de que se deixara participara ao persoal laboral fixo da categoría de Técnico Especialista de Bibliotecas pola quenda de promoción interna na convocatoria de AABM, ademais agora teñan preferencia por diante dos outros aspirantes que obtiveron mellores resultados na oposición.

Tras distintas intervencións dos representantes do persoal na que se manifestan dos posturas contrapostas entre a Xunta do PAS e os Comités de Empresa, o Vicexerente de Recursos Humanos expón que dada a urxencia de resolver esta cuestión a Xerencia deberá adoptar unha decisión.

A continuación introdúcese a discusión o asunto da base terceira do Acordo de incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, que os representantes do PAS funcionario pretenden que se aplique na incorporación dos funcionarios de novo ingreso. O Vicexerente de Recursos Humanos manifesta que o Acordo é absolutamente claro a este respecto, no sentido de que esta base resulta aplicable exclusivamente ás incorporacións derivadas dun concurso de méritos, sen que caiba outra interpretación.

Os representantes da Xunta de Persoal solicitan que, en calquera caso, tamén se apliquen ás incorporacións derivadas dos procesos de selección, xa que este era o espírito da redacción.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

José Fernández Viña informa que unha Auxiliar Técnica de Servizos Xerais fixa renunciou en xuño a o traslado de campus que tiña solicitado, alegando que nesas datas tiña programada e pagada unha viaxe, instando que se estime como causa de renuncia xustificada. Ábrese un período de intervencións nos que os membros da comisión acordan que a renuncia a un traslado ou cambio de quenda por mor de ter concedidas as vacacións non se considere causa xustificada de renuncia.

A tenor desta cuestión, tamén se acorda que as ofertas ao persoal laboral fixo de cambios de quenda e/ou traslados se realice aos interesados independentemente de se atopan gozando das vacacións ou días por asuntos propios, e coa penalización prevista no acordo para os supostos de renuncia.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 15:30 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.